GONDOMAR TM

CLUB DEPORTIVO GONDOMAR TM

Regulamento de Réxime Interior

Aprobado pola Xunta Directiva

Versión 1.0 · 17 de outubro de 2026
Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia nº C-15181

Índice

	Preámbulo	3
CAPÍTULO I	**Procedemento de admisión**	3
ART. 1	A solicitude de admisión e vías de tramitación	3
ART. 2	Condición de solicitante e dereito de acceso	3
ART. 3	Tramitación pola Presidencia, admisión e efectividade da alta	4
ART. 4	Denegación de admisión	5
CAPÍTULO II	**Xestión de cobramentos e cotas**	5
ART. 5	Cota social	5
ART. 6	Prazo e forma de pagamento	6
ART. 7	Incorporacións a mediados de mes	6
ART. 8	Protocolo de avisos por falta de pagamento	7
ART. 9	Suspensión forzada da condición de socio/a por falta de pagamento	7
ART. 10	Reactivación e baixa definitiva por falta de pagamento	7
ART. 11	Suspensión voluntaria da condición de socio/a	8
ART. 12	Baixa voluntaria e efectos económicos	8
ART. 13	Cotas familiares	8
ART. 14	Devolucións de cotas	9
CAPÍTULO III	**Uso das instalacións e material deportivo**	9
ART. 15	Normas xerais de uso das instalacións	9
ART. 16	Delimitación física e uso do pavillón	10
ART. 17	Coidado do material deportivo e recollida ao peche da xornada	10
ART. 18	Roupa, calzado e obxectos persoais	11
ART. 19	Acceso de convidados/as	12
CAPÍTULO IV	**Saúde e tratamento de datos de saúde**	12
ART. 20	Condicións de saúde e comunicación médica	12
ART. 21	Tratamento de datos de saúde	12
CAPÍTULO V	**Adestramentos e competición**	14
ART. 22	Funcionamento dos adestramentos	14
ART. 23	Grupos de adestramento	14
ART. 24	Participación en competicións e desprazamentos	15
CAPÍTULO VI	**Rol dos pais, nais e titores/as legais**	16
ART. 25	Responsabilidades dos titores/as legais	16
ART. 26	Comportamento durante as actividades	16
ART. 27	Protección da infancia e da adolescencia	17
CAPÍTULO VII	**Conduta, convivencia e comunicación**	17
ART. 28	Valores do club e convivencia	17
ART. 29	Resolución de conflitos entre socios/as	18
ART. 30	Prohibición de substancias	18
ART. 31	Uso de grupos de mensaxería e redes sociais	18
CAPÍTULO VIII	**Protección de datos e imaxe**	19
ART. 32	Datos persoais e obriga de actualización	19
ART. 33	Uso da imaxe	19
CAPÍTULO IX	**Disposicións finais**	19
ART. 34	Relación co regulamento e os estatutos	19
ART. 35	Modificación do regulamento	20
ART. 36	Aceptación do regulamento	20
ANEXOS	**Modelos oficiais de solicitude**	21

TEXTO INTRODUTORIO

Preámbulo

Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional Primeira dos Estatutos do Club Deportivo Gondomar TM, a Xunta Directiva aproba o presente Regulamento de Réxime Interior co obxectivo de desenvolver e detallar a organización diaria do club, o procedemento de admisión de socios/as, a xestión económica, o uso das instalacións, as normas de seguridade e a convivencia, garantindo así o bo funcionamento e a sostibilidade da entidade.

Este regulamento é de obrigado cumprimento para todos os socios/as, aspirantes, familiares e visitantes que participen nas actividades do club. O descoñecemento das súas normas non exime da súa aplicación.

CAPÍTULO I

Procedemento de admisión

ART. 1 A solicitude de admisión e vías de tramitación

Calquera persoa que desexe formar parte do Club Gondomar TM deberá presentar a correspondente solicitude por escrito dirixida á Presidencia (conforme ao Artigo 6 dos Estatutos). As vías de tramitación son as seguintes, empregando os modelos oficiais de solicitude que figuran como Anexo I (Socio/a Numerario/a) e Anexo II (Socio/a Aspirante) deste Regulamento:

- **Vía telemática (preferente):** a través do apartado habilitado na páxina web oficial do Club. Esta é a vía recomendada xa que permite un rexistro automático e áxil da solicitude.
- **Vía presencial:** entregando o modelo de solicitude cuberto á Presidencia ou, no seu defecto, a quen accidentalmente estea a ocupar o seu posto nese intre.

Os datos requiridos na solicitude varían segundo a categoría:

- **Socios/as Numerarios/as (maiores de 18 anos):** nome e apelidos, data de nacemento, DNI/NIE, enderezo, correo electrónico e número de teléfono de contacto.
- **Socios/as Aspirantes (menores de 18 anos):** nome e apelidos, data de nacemento, sexo, nivel educativo (curso actual) e DNI/NIE do/da menor. Adicionalmente, deberán constar os datos do pai, nai ou titor/a legal: nome e apelidos, DNI/NIE, enderezo, correo electrónico e teléfono de contacto. O pai, nai ou titor/a legal deberá asinar a autorización expresa conforme está de acordo coa solicitude de admisión como socio/a Aspirante do menor.

ART. 2 Condición de solicitante e dereito de acceso

Dende o momento en que se entrega a solicitude e mentres non se produza a súa admisión ou a súa denegación, a persoa adquirirá a condición de Solicitante. Durante este período transitorio:

- Non terá os plenos dereitos de socio/a.
- Poderá adestrar e participar nas actividades exclusivamente nas horas designadas como de adestramento libre.
- Non terá acceso ao material deportivo do club.

Estas limitacións deixan de aplicarse se a Presidencia acorda a preadmisión provisional regulada no Artigo 3.

Transcorrido o prazo máximo de 45 días naturais dende a recepción da solicitude sen que se notifique a súa denegación expresa e motivada, a solicitude entenderase aceptada de pleno dereito (Art. 6.7 dos Estatutos).

Para facer uso deste dereito de acceso temporal aos adestramentos libres, a persoa solicitante deberá asinar unha declaración responsable onde declare que conta con cobertura de asistencia médica en vigor e que asume os riscos normais derivados da práctica do tenis de mesa, eximindo ao Club de calquera reclamación por lesións ou accidentes que non sexan consecuencia directa de graves deficiencias nas instalacións ou dunha neglixencia imputable ao Club.

ART. 3 Tramitación pola Presidencia, admisión e efectividade da alta

A tramitación das solicitudes de admisión corresponde á Presidencia, á que van dirixidas (Art. 6.1 e 6.2 dos Estatutos). Sen necesidade de intervención da Xunta Directiva, a Presidencia:

- Recibirá e rexistrará as solicitudes, deixando constancia da súa data de recepción.
- Comprobará que a solicitude está completa e que se cumpren os requisitos estatutarios, e requirirá á persoa solicitante a emenda dos defectos ou a achega da documentación que falte.
- Autorizará o acceso temporal previsto no Artigo 2, unha vez asinada a declaración responsable.
- Valorará se concorre algunha das circunstancias de denegación do Artigo 6.6 dos Estatutos.

A participación da Xunta Directiva limitarase ao estritamente esixido polos Estatutos:

- **Admisión:** cando a Presidencia non aprecie causa de denegación, non será necesaria a deliberación individualizada de cada solicitude. A Presidencia dará conta das solicitudes tramitadas na primeira reunión da Xunta Directiva que se celebre, na que se adoptará o acordo de admisión en bloque (Art. 6.1, 6.2 e 17.e dos Estatutos), salvo que algún dos seus membros solicite o exame separado dalgunha delas. En todo caso, transcorridos 45 días naturais dende a recepción da solicitude sen denegación notificada, esta entenderase aceptada sen necesidade de acordo ningún (Art. 6.7 dos Estatutos).
- **Denegación:** unicamente nos supostos e na forma do Artigo 4 deste Regulamento.

A admisión non se comunicará á persoa interesada: conforme ao Artigo 6.7 dos Estatutos, non é necesaria ningunha notificación expresa de confirmación por parte do Club. Unicamente se notificará a denegación (Art. 4). A persoa solicitante poderá consultar en calquera momento o estado da súa solicitude dirixíndose á Presidencia.

Preadmisión provisional. Cando a Presidencia non atope ningunha causa de denegación, poderá preadmitir provisionalmente á persoa solicitante, sen esperar ao acordo da Xunta Directiva, e comunicarallo por calquera medio. Dende ese momento, a persoa preadmitida terá os mesmos dereitos e obrigas que un socio/a: poderá incorporarse aos grupos de adestramento, usar as instalacións e o material do club, e deberá pagar as cotas correspondentes dende o mes seguinte ao da preadmisión ou, se comeza de inmediato as clases dirixidas polo adestrador, dende o mes en curso (Art. 7).

Só quedan fóra os dereitos que os Estatutos reservan a quen xa foi admitido/a definitivamente: a voz e o voto na Asemblea Xeral, ser elector/a ou elixible, o acceso aos libros do Club (Art. 7.d, 7.e e 7.f dos Estatutos) e representar ao Club en competicións oficiais, que require acordo da Xunta Directiva (Art. 5.2 dos Estatutos).

A preadmisión remata coa admisión definitiva, por acordo da Xunta Directiva ou polo transcurso dos 45 días, ou coa denegación. Se a solicitude é denegada, a persoa perde dende ese momento os dereitos da preadmisión e as cotas xa pagadas non se devolven (Art. 14).

A persoa solicitante pasa a ser socio/a, con plenos dereitos, dende o día 1 do mes no que a Xunta Directiva a admita ou, se non hai acordo, do mes no que se cumpran 45 días naturais dende a súa solicitude (Art. 6.7 dos Estatutos). A cota mensual empeza a pagarse o mes seguinte ao da preadmisión ou, se non a houbo, ao da admisión, salvo que a persoa comece de inmediato as clases dirixidas polo adestrador: nese caso paga completo o mes en curso (Art. 7). A partir de aí, a cota págase nos cinco (5) primeiros días de cada mes.

A Secretaría do Club inscribirá á persoa no Libro de Rexistro de Socios/as, recollendo a data de alta, categoría (Numerario/a ou Aspirante) e número de socio/a asignado.

ART. 4 Denegación de admisión

A denegación é a única decisión do procedemento de admisión que require acordo expreso e individualizado da Xunta Directiva. Adoptarase, con carácter xeral, por proposta motivada da Presidencia, e só cando concorran as circunstancias obxectivas previstas no Artigo 6.6 dos Estatutos:

- Ter realizado condutas graves nos últimos 3 anos que fosen obxecto de sanción firme, denuncia policial ou procedemento xudicial que afecten ao club ou aos seus membros.
- Ter sido expulsado/a por condutas violentas, de acoso ou antideportivas doutras entidades deportivas.
- Existencia de conflito de intereses ou fins alleos ao club (como exercer cargos de responsabilidade en clubs competidores con intención de sabotaxe).

A denegación deberá ser motivada por escrito e será notificada á persoa solicitante pola Presidencia, en nome da Xunta Directiva, dentro do prazo de 45 días naturais dende a recepción da solicitude (Art. 6.7 e 18.f dos Estatutos). A persoa solicitante poderá solicitar a revisión da decisión ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

CAPÍTULO II

Xestión de cobramentos e cotas

ART. 5 Cota social

A estrutura de cotas do club combina unha cota base de socio/a cun complemento mensual por adestrador segundo a modalidade de adestramento supervisado escollida. Os importes son fixados pola Asemblea Xeral e revisables en cada convocatoria anual:

- **Cota de Socio/a (base):** cota obrigatoria de 15 € mensuais para todos os socios/as, tanto Numerarios/as como Aspirantes. Esta cota dá dereito á condición de socio/a, á participación institucional e á realización de adestramento libre nas instalacións, sen dirección de monitor técnico.
- **Complemento por Adestrador — Grupo de Iniciación:** 10 € mensuais adicionais á cota de socio/a (total 25 € mensuais) para os/as socios/as que asistan ás clases dirixidas polo adestrador dentro do grupo de iniciación.
- **Complemento por Adestrador — Grupo de Competición:** 20 € mensuais adicionais á cota de socio/a (total 35 € mensuais) para os/as socios/as que asistan ás clases dirixidas polo adestrador dentro do grupo de competición.

Aplicarase un baremo de descontos familiares sobre a cota base de socio/a para os membros que pertenzan á mesma unidade familiar, conforme ao establecido no Artigo 13 deste Regulamento.

Os/as Socios/as de Honra están exentos/as do pago de cotas ordinarias.

Meses sen actividade. Os meses de xullo e agosto son meses sen actividade: neles non se paga a cota de socio/a nin o complemento por adestrador. No resto dos meses, de setembro a xuño, a cota de socio/a é obrigatoria, aínda que haxa días ou semanas sen adestramentos (Nadal, Semana Santa, festivos ou competicións).

Vantaxes incluídas na cota. Ademais do uso das instalacións, vestiarios e material do Club, a condición de socio/a inclúe:

- A camiseta oficial do Club, de agasallo ao incorporarse.
- Un 10 % de desconto en material deportivo, nas condicións que comunique o Club.
- A inscrición gratuíta nos torneos oficiais organizados polo Club.
- O acceso preferente aos eventos e actividades do Club.

ART. 6 Prazo e forma de pagamento

O pagamento da cota social de cada mes, así como do complemento por adestrador cando corresponda, deberá facerse efectivo dentro dos cinco (5) primeiros días naturais de cada mes. No caso dos socios/as Aspirantes, o responsable do pagamento será o titor/a legal establecido na solicitude de admisión.

O único medio de pagamento aceptado é a transferencia bancaria á seguinte conta do club:

- **Entidade:** Banco Sabadell
- **Número de conta (IBAN):** ES57 0081 0388 0600 0247 7849
- **Titular:** Entidade Deportiva Gondomar TM

O socio/a ou titor/a responsable do pagamento deberá indicar o nome e apelidos do membro ao que corresponde a cota no concepto da transferencia para facilitar a súa identificación. No caso de cotas familiares conxuntas, indicaranse os nomes de todos os membros incluídos no pagamento. Non será necesario indicar o número de socio/a.

A Xunta Directiva poderá habilitar outros medios de pagamento no futuro, comunicándoo aos socios/as con antelación suficiente.

ART. 7 Incorporacións a mediados de mes

Non se admitirán pagamentos por fraccións de mes. No caso de incorporacións producidas a mediados de mes, o socio/a poderá elixir entre:

- Realizar adestramento libre ata o comezo do seguinte mes natural, momento a partir do cal aboará a mensualidade íntegra correspondente á modalidade escollida; ou
- Comezar de xeito inmediato coas clases dirixidas polo adestrador, aboando dende ese momento a mensualidade completa correspondente á modalidade escollida (cota de socio/a máis o complemento por adestrador do grupo de iniciación ou de competición, segundo proceda).

ART. 8 Protocolo de avisos por falta de pagamento

No caso de que transcorra o prazo do artigo anterior sen que se rexistre o ingreso da cota social ou das tarifas de adestramento correspondentes, activarase o seguinte protocolo de avisos:

- **Primeiro aviso (antes do día 10 do mes en curso):** Recordatorio amigable por correo electrónico ou WhatsApp ao socio/a ou, no caso dos Aspirantes, ao titor/a legal responsable do pagamento, informando da cota pendente e facilitando as formas de pagamento.
- **Segundo aviso (antes do día 20 do mes en curso):** Segunda notificación insistindo na regularización, con advertencia de que a falta de pagamento ao remate do mes suporá a suspensión do dereito de adestramento ou a suspensión automática da condición de socio/a, segundo corresponda.

Se en calquera momento do mes en curso se recibe o pagamento da cota, os avisos quedarán automaticamente cancelados e a débeda considerarase totalmente satisfeita, sen ningunha consecuencia para o socio/a.

Os avisos enviaranse aos datos de contacto que consten no rexistro do club. No caso dos socios/as Aspirantes, todas as comunicacións dirixiranse exclusivamente ao titor/a legal polos medios de contacto que este indicou na solicitude de admisión. É responsabilidade do socio/a (ou do titor/a legal no caso dos Aspirantes) manter actualizados estes datos (Art. 32 deste Regulamento).

ART. 9 Suspensión forzada da condición de socio/a por falta de pagamento

A viabilidade económica e o correcto funcionamento do Club dependen do cumprimento puntual das obrigas financeiras por parte dos socios e socias. De conformidade co establecido nos Estatutos do Club, o atraso ou falta de pagamento das obrigas económicas dará lugar ao seguinte procedemento de suspensión:

Transcorrido un (1) mes dende o vencemento de calquera cota social básica ou das tarifas polos servizos de adestramento nos que o socio/a se atope inscrito sen que o pago se fixese efectivo, e tras os avisos de advertencia correspondentes (Art. 8), producirase de xeito automático e conxunto a suspensión do dereito de adestramento e competición, así como a suspensión da súa condición de socio/a a todos os efectos de conformidade co establecido no Artigo 9.b dos Estatutos.

Dita suspensión implicará que o socio/a non poderá acceder aos adestramentos nin ás instalacións do Club, facer uso do material deportivo nin exercer o dereito a voto nas Asembleas Xerais mentres dure dita situación. Así mesmo, durante o período no que se manteña a suspensión, non se xerarán novas cotas nin tarifas para o interesado, conservándose integramente a súa antigüidade acumulada no Club para o momento da súa posible reactivación.

ART. 10 Reactivación e baixa definitiva por falta de pagamento

O socio/a en suspensión forzada por falta de pagamento poderá reactivar a súa condición en calquera momento dentro do prazo de doce (12) meses dende o inicio da suspensión. Para iso, deberá aboar a cota do mes impagado que motivou a suspensión xunto coa cota do mes en curso no que se produce a reactivación. Non se xerarán cotas polos meses transcorridos en suspensión. Nese momento recuperará de inmediato a plena condición de socio/a e a antigüidade acumulada sen perda algunha.

Ao cumprirse os doce (12) meses de suspensión sen que o socio/a reactivase a súa condición, a Secretaría enviará un aviso formal ao socio/a ou titor/a legal informando de que dispón dun prazo de quince (15)

días naturais para reactivar a súa condición antes de causar baixa definitiva con perda irrecuperable da antigüidade.

Quen cause baixa definitiva e desexe reingresar deberá tramitalo como socio/a completamente novo/a, pasando de novo polo procedemento de admisión (Art. 1) e con antigüidade cero.

ART. 11 Suspensión voluntaria da condición de socio/a

Ao abeiro do establecido no Artigo 9.b dos Estatutos do Club, todo socio/a, ou o titor/a legal no caso dos Aspirantes, poderá solicitar a suspensión voluntaria e temporal da condición de socio/a mediante solicitude por escrito dirixida á Secretaría do club, sen necesidade de acordo da Xunta Directiva, indicando unicamente a data de inicio de suspensión desexada, que coincidirá co inicio dun mes natural e sen necesidade de especificar o período de duración.

As condicións da suspensión voluntaria son exactamente as mesmas que as da suspensión forzada por falta de pagamento: sen xeración de cotas, sen acceso ás instalacións nin servizos, sen dereito a voto nas Asembleas Xerais, e con conservación íntegra da antigüidade acumulada. (Véxase Art. 9 para o detalle completo.)

A reactivación producirase en calquera momento abonando a cota do mes en curso, sen ningún trámite adicional nin perda de antigüidade.

A cota do mes en curso no que se inicia a suspensión voluntaria quedará cancelada e non será esixida.

Ao cumprirse os doce (12) meses de suspensión sen que o socio/a reactivase a súa condición, a Secretaría enviará un aviso formal ao socio/a ou titor/a legal informando de que dispón dun prazo de quince (15) días naturais para reactivar a súa condición antes de causar baixa definitiva con perda irrecuperable da antigüidade.

Co fin de garantir unha axeitada planificación deportiva e a estabilidade económica do Club, a solicitude de suspensión voluntaria deberá presentarse cunha antelación mínima de quince (15) días naturais previos ao inicio do mes no que se pretenda facer efectiva. As suspensións voluntarias computaranse sempre por meses naturais completos. Non se admitirán solicitudes de suspensión con efectos retroactivos nin por períodos inferiores a un mes natural.

ART. 12 Baixa voluntaria e efectos económicos

Se un socio/a desexa darse de baixa do club, deberá comunicalo por escrito á Secretaría. A baixa será efectiva dende a data de recepción da comunicación pola Secretaría.

- A cota do mes en curso no que se recibe a solicitude quedará cancelada e non será esixida.
- A Secretaría tramitará a baixa no Libro de Rexistro de Socios/as, anotando a data de efectividade.
- Quen cause baixa voluntaria non poderá solicitar o reingreso como socio/a ata que transcorran polo menos seis (6) meses dende a data de efectividade da baixa. O reingreso tramitarase como o dun socio/a novo/a (Art. 1), con antigüidade cero.

ART. 13 Cotas familiares

O baremo de descontos familiares aplicable á cota base de socio/a (Art. 5) establécese do seguinte xeito para os membros que pertenzan á mesma unidade familiar inscritos no club:

- **Primeiro membro da familia:** cota mensual de 15 €.
- **Segundo membro da familia:** suplemento de 5 € (total familiar de dous membros: 20 € mensuais).

- **Terceiro membro da familia:** suplemento adicional de 5 € (total familiar de tres membros: 25 € mensuais).
- **Cuarto membro da familia:** suplemento adicional de 5 € (total familiar de catro membros: 30 € mensuais).

Este baremo aplícase á cota base de socio/a; o complemento por adestrador (Art. 5) engádese individualmente para cada membro que opte polo grupo de iniciación ou de competición.

A aplicación deste desconto require a presentación previa, por parte dunha das persoas socias do grupo, da Solicitude de Recoñecemento de Grupo Familiar (Anexo III) dirixida á Tesouraría do club, na que se relacionen todas as persoas socias que conviven no mesmo domicilio (mínimo dúas) e se subscriba a correspondente declaración responsable. A Tesouraría dará por boa a solicitude sen necesidade de acordo da Xunta Directiva, sen prexuízo da súa comprobación posterior, e o desconto aplicarase dende o mes seguinte ao da súa presentación.

Nas unidades familiares acollidas a esta modalidade, o pagamento de todas as cotas e tarifas do grupo realizarase de xeito unificado e nunha única transacción por parte do cabeza de familia ou membro responsable do grupo familiar, non existindo a posibilidade de realizar pagamentos individuais por separado.

No suposto de que dito pagamento unificado non se faga efectivo no prazo establecido, considerararanse impagadas as cotas e tarifas de todos e cada un dos membros vinculados a dito grupo familiar, aplicándose a cada un deles de xeito individual a suspensión de dereitos e servizos regulada no Artigo 9 deste Regulamento debido á falta de recepción dos seus respectivos pagamentos.

ART. 14 Devolucións de cotas

As cotas aboadas non serán obxecto de devolución en ningún caso.

CAPÍTULO III

Uso das instalacións e material deportivo

ART. 15 Normas xerais de uso das instalacións

Instalacións cedidas. As instalacións que utiliza o Club, no pavillón do IES Terra de Turonio, non son propiedade do Club, senón que están cedidas para o seu uso. Por iso, todas as persoas que participen nas actividades do Club (socios/as, deportistas, familiares e visitantes) deberán respectar, ademais deste Regulamento, as normas do centro titular e as indicacións do seu persoal, que prevalecerán en caso de conflito. Un mal uso das instalacións pode supoñer a perda da cesión para todo o Club: os danos causados ás instalacións ou ao mobiliario do centro serán responsabilidade de quen os cause e poderán dar lugar á apertura de expediente disciplinario.

O acceso ás instalacións deportivas rexerase polas seguintes normas:

- Os socios/as en activo poderán acceder durante os horarios de adestramento asignados ao seu grupo ou nivel.
- Os/as Solicitantes só poderán acceder durante os horarios designados como de adestramento libre.
- Os/as convidados/as só poderán acceder durante as horas de "portas abertas" establecidas polo club.
- O acceso fóra do horario establecido require autorización expresa da Presidencia.

- Está prohibido o acceso de persoas alleas ao club sen acompañamento dun socio/a e sen autorización previa.
- Os vestiarios e dependencias auxiliares só poderán ser utilizados polo persoal autorizado e en horarios de actividade do club.

ART. 16 Delimitación física e uso do pavillón

Co fin de dotar os adestramentos de maior seriedade e disciplina, evitando a coincidencia caótica de xogadores/as sen organizar, establécense os seguintes espazos e normas de uso do pavillón:

- **Área de Adestramento Supervisada por Adestrador:** zona valada, de carácter permanente, situada ao fondo do pavillón, destinada exclusivamente ao adestramento técnico dirixido polo monitor oficial. O acceso a esta área está restrinxido estritamente ao horario asignado a cada grupo.
- **Área de Adestramento Libre:** zona anterior do pavillón, dotada de mesas destinadas unicamente aos xogadores/as que participen nas sesións de adestramento dese día. Este espazo está concibido para que ditos deportistas poidan quentar antes da súa clase ou continuar a práctica ao rematala, sen interferir no traballo do adestrador na zona valada. Esta área non estará dispoñible para socios/as que non teñan quenda de adestramento supervisado na xornada en curso.

Gratuidade e acceso ao adestramento libre: todo xogador/a acollido/a a calquera das modalidades de adestramento supervisado (grupo de iniciación ou de competición) terá dereito ao uso gratuíto da Área de Adestramento Libre nas seguintes condicións:

- **Nos seus días de adestramento asignado:** poderá utilizar as mesas da zona libre fóra da súa hora de clase, antes de comezar ou ao rematar, conforme ás regras de acceso ás quendas establecidas no Artigo 22 deste Regulamento.
- **Nos días sinalados no calendario como "Días de Adestramento Libre":** poderá acudir ao pavillón e facer uso das mesas durante todo o horario de apertura, sen ningunha taxa ou cota engadida.

ART. 17 Coidado do material deportivo e recollida ao peche da xornada

O tenis de mesa require material delicado e de alto custo. Son obrigas colectivas:

- Participar activamente na montaxe das mesas e valados ao comezo da xornada. A súa recollida corresponde aos socios/as Numerarios/as das últimas quendas, nos termos establecidos neste artigo. Os socios/as Aspirantes (menores de idade) quedan exceptuados/as da montaxe e desmontaxe das mesas e doutro material pesado, pero non da recollida do material lixeiro de adestramento: redes, bólas, recipientes e similares.
- Recoller todas as bólas ao finalizar cada sesión e deixar a pista totalmente ordenada e baleira.
- Tratar mesas, redes, valados, robots e pelotas co máximo coidado en todo momento.
- Queda prohibido sentarse nas mesas de xogo ou golpealas coa pa en sinal de frustración ou calquera outra acción que poida danar a superficie ou o material.
- O material persoal (pas, funda) é responsabilidade do propio socio/a.

En caso de rotura ou deterioración do material por uso indebido, a persoa responsable poderá ser obrigada a asumir o custo de reparación ou reposición, previa instrución do oportuno expediente.

Recollida ao peche da xornada. Os socios/as Numerarios/as que adestren nas últimas quendas de cada xornada, tanto na Área de Adestramento Supervisada por Adestrador como na Área de Adestramento Libre, son os/as encargados/as e responsables de recoller a instalación. Os socios/as Aspirantes

(menores de idade) só quedan exceptuados/as da recollida das mesas e doutro material pesado; deberán colaborar na recollida do material lixeiro (redes, bólas, recipientes e similares). Ningún deles/as poderá abandonar o pavillón ata que a recollida estea rematada, salvo causa xustificada comunicada á persoa responsable da sesión. En concreto, deberán:

- **Recoller as mesas:** pregalas e trasladalas ao lugar de almacenamento asignado. Cada mesa será manipulada, como mínimo, por dúas persoas adultas.
- **Deixar as mesas en condicións de seguridade:** pregadas, co sistema de bloqueo accionado e as rodas freadas, e colocadas de xeito que non poidan envorcar nin desprazarse, sen obstaculizar portas, saídas de emerxencia nin zonas de paso.
- **Retirar o material auxiliar:** redes, soportes, valados, marcadores, robots e calquera outro elemento empregado durante a xornada.
- **Revisar que non queden bólas perdidas ou extraviadas:** percorrer toda a pista, as bancadas, os recunchos e a parte inferior do mobiliario, e gardar as bólas recuperadas nos seus recipientes.
- **Pechar o armario:** gardar todo o material no armario do club e comprobar que queda pechado con chave, que custodiará a persoa responsable da sesión.
- **Deixar a instalación limpa e ordenada:** recoller o lixo e os obxectos esquecidos (botellas, roupa, toallas, pas), que se entregarán á persoa responsable da sesión, de xeito que o pavillón quede tal como se atopou.
- **Comunicar as incidencias:** informar á persoa responsable da sesión de calquera dano, avaría ou falta de material que se detecte.

Na última quenda supervisada, o adestrador/a coordinará a recollida e verificará o seu resultado. Nas quendas de adestramento libre sen adestrador/a, esta responsabilidade recae de xeito solidario nos socios/as Numerarios/as presentes. Cando na última quenda non haxa socios/as Numerarios/as, a recollida corresponderá ao adestrador/a ou á persoa responsable da sesión. O incumprimento destas obrigas, especialmente se é reiterado, poderá dar lugar á apertura de expediente disciplinario conforme ao Título V dos Estatutos.

ART. 18 Roupa, calzado e obxectos persoais

Para o acceso á zona de xogo:

- É obrigatorio o uso de calzado deportivo específico de pista interior con sola "non-marking" (que non deixa marcas). O calzado de xogo deberá traerse nunha bolsa e poñerse no pavillón para non introducir sucidade ou humidade da rúa.
- Recoméndase o uso de roupa deportiva axeitada para a práctica do tenis de mesa.
- En representación do club (competicións, actos oficiais) será obrigatorio o uso do equipamento oficial (camiseta do club).

O club non se fai responsable da perda, roubo ou deterioración de obxectos persoais de valor (móbiles, carteiras, pas) nas instalacións ou nos vestiarios. Recoméndase non deixar obxectos de valor sen vixilancia.

ART. 19 Acceso de convidados/as

O Club Gondomar TM apoia a difusión do tenis de mesa e promoverá que os socios/as traian persoas non asociadas a coñecer o deporte. Porén:

- O acceso de convidados/as estará restrinxido única e exclusivamente ás horas designadas como de "portas abertas".
- O socio/a que invite a unha persoa é responsable do seu comportamento e do cumprimento das normas do club durante a visita.
- Non está permitido que os/as convidados/as utilicen material do club ou accedan a adestramentos regulares sen autorización expresa.

Límites para evitar abusos. O acceso de convidados/as está pensado como unha primeira toma de contacto co tenis de mesa, non como unha forma de práctica habitual. Por iso:

- Cada persoa convidada poderá asistir, como máximo, a tres (3) sesións de portas abertas por tempada. Para seguir acudindo deberá solicitar a admisión como socio/a (Art. 1).
- Cada socio/a poderá traer, como máximo, dúas (2) persoas convidadas por sesión.
- O Club levará un rexistro das persoas convidadas, co seu nome e a data de cada visita, unicamente para controlar estes límites.
- Non poderán acceder como convidadas as persoas que teñan suspendida a súa condición de socio/a, as que causasen baixa nos últimos seis (6) meses nin aquelas ás que se lles denegase a admisión.

CAPÍTULO IV

Saúde e tratamento de datos de saúde

ART. 20 Condicións de saúde e comunicación médica

É obriga do socio/a (ou titor/a legal no caso de menores) comunicar ao club, no momento da inscrición ou cando se produza calquera novidade:

- Calquera enfermidade grave, crónica ou limitante que poida afectar á práctica deportiva.
- Alerxias coñecidas, especialmente aquelas que poidan requirir atención de urxencia (anafilaxia, etc.).
- Condicións médicas que requiran atención especial durante os adestramentos, como o Párkinson ou outras patoloxías neurolóxicas, en consonancia cos fins inclusivos e terapéuticos do club.
- Calquera cambio significativo no estado de saúde que poida afectar á práctica deportiva.

Estes datos poderán recollerse mediante os formularios de solicitude de admisión, de conformidade co establecido no Artigo 21 deste Regulamento.

ART. 21 Tratamento de datos de saúde

Os datos de saúde recollidos no proceso de admisión constitúen datos de categoría especial ao abeiro do Artigo 9 do Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD). A súa recollida e tratamento ampáranse no consentimento explícito e informado do interesado/a, ou do seu titor/a legal no caso de menores de idade, conforme ao Artigo 9.2.a do RGPD.

Este consentimento prestarase de forma separada e independente ao consentimento xeral de protección de datos, mediante un checkbox específico nos formularios de solicitude de admisión, segundo a categoría do socio/a, con texto que explica expresamente a natureza especial dos datos e a finalidade do seu tratamento.

Os únicos datos de saúde que o club recolle e trata son:

- Alerxias coñecidas.
- Condicións médicas relevantes para a práctica deportiva (asma, epilepsia, diabetes, etc.).
- Notas adicionais para o/a adestrador/a necesarias para a atención en pista (por exemplo: porta autoinyector de adrenalina, require períodos de descanso, etc.).

O único fin do tratamento destes datos é a atención de emerxencias médicas durante a actividade deportiva en pista. Queda expresamente prohibido calquera outro uso, cesión ou comunicación destes datos a terceiros, con independencia da finalidade alegada.

O responsable do tratamento é o Club Deportivo Gondomar TM. O acceso aos datos de saúde estará estritamente restrinxido:

- O/A adestrador/a asignado/a ao grupo do socio/a terá acceso á ficha de emerxencia individual do socio/a, que só será visible cando existan datos de saúde rexistrados.
- O persoal da Secretaría poderá introducir os datos no proceso de alta, pero non terá acceso posterior á ficha de emerxencia do adestrador/a.
- O persoal técnico-administrativo con perfil de administración do sistema terá acceso técnico aos datos exclusivamente para fins de mantemento e seguridade do sistema.
- Non se cederán datos de saúde a terceiros en ningún caso, salvo obriga legal expresa.

O socio/a, ou o seu titor/a legal, poderá revogar en calquera momento o consentimento prestado para o tratamento dos datos de saúde, sen que iso afecte á licitude do tratamento realizado con anterioridade á revogación. A revogación deberá comunicarse por escrito á Secretaría do club, que procederá á eliminación dos datos no prazo máximo de 30 días naturais. A revogación do consentimento non implica a baixa como socio/a.

O socio/a, ou o seu titor/a legal, poderá solicitar en calquera momento a actualización ou rectificación dos seus datos de saúde dirixíndose por escrito á Secretaría do club. É responsabilidade do socio/a ou titor/a legal comunicar calquera cambio relevante nas condicións de saúde que poida afectar á seguridade durante a práctica deportiva.

Os datos de saúde conservaranse exclusivamente durante o tempo que o socio/a manteña a condición de tal. En caso de baixa definitiva, voluntaria ou forzada, os datos de saúde serán eliminados ou anonimizados de forma automática, sen que en ningún caso poidan conservarse con posterioridade á extinción da relación co club.

CAPÍTULO V

Adestramentos e competición

ART. 22 Funcionamento dos adestramentos

Normas de funcionamento durante as sesións de adestramento:

- A figura do adestrador/a ou director/a técnico/a é a máxima autoridade técnica. As súas indicacións tácticas e de disciplina deberán ser respectadas en todo momento por todos os presentes.
- Esíxese puntualidade. Os atrasos reiterados sen xustificación previa poderán supoñer a exclusión da sesión e serán tomados en consideración para as convocatorias de competición.
- Calquera ausencia prevista deberá comunicarse ao adestrador/a con antelación suficiente, especialmente se afecta a compromisos de competición.
- Os socios/as deberán facer caso ás indicacións do adestrador/a sobre quendas, grupos de traballo e uso das mesas.

Regras de acceso ás quendas e puntualidade:

- Se un/unha xogador/a chega con antelación á súa quenda ou decide permanecer no pavillón tras finalizala, deberá situarse e adestrar obrigatoriamente na Área de Adestramento Libre (Art. 16).
- Queda totalmente prohibido acceder á Área de Adestramento Supervisada por Adestrador ata que comece formalmente o horario do grupo correspondente.
- De producirse un atraso, o/a alumno/a incorporarase de inmediato á súa clase, pero finalizará sen excepción na hora programada para o seu grupo, co fin de respectar a quenda seguinte e o fluxo de entrada/saída de deportistas.

ART. 23 Grupos de adestramento

O Club Gondomar TM conta con dous grupos de adestramento supervisado. Cada socio/a escolle libremente a opción que mellor se adapta ás súas aspiracións, dispoñibilidade e intensidade desexada:

- **Grupo de iniciación:** orientado a socios/as que se achegan ao tenis de mesa por primeira vez ou que buscan unha práctica máis recreativa e progresiva. Desenvolverase os mércores e venres, en dúas quendas: unha para o subgrupo de canteira (socios/as novos/as en formación) e outra para o subgrupo de veteranos (socios/as adultos/as que practican o deporte de forma máis pausada). A pertenza a este grupo require aboar o Complemento por Adestrador de Iniciación de 10 € mensuais establecido no Artigo 5 deste Regulamento, engadido á cota de socio/a.
- **Grupo de competición:** orientado a socios/as con maior nivel técnico e que buscan unha práctica máis intensa e competitiva. Desenvolverase en dúas quendas, cun máximo de 10 alumnos/as por quenda. A pertenza a este grupo require aboar o Complemento por Adestrador de Competición de 20 € mensuais establecido no Artigo 5 deste Regulamento, engadido á cota de socio/a.
- **Sen grupo de adestramento (adestramento libre):** o socio/a poderá optar por non pertencer a ningún grupo estruturado de adestramento, aboando unicamente a Cota de Socio/a (Art. 5). Neste caso, poderá realizar adestramentos libres exclusivamente nos horarios que a Xunta Directiva estableza para tal fin. Os socios/as Aspirantes (menores de 18 anos) poderán acollerse a esta opción unicamente cando acode ao adestramento libre acompañado/a dun socio/a Numerario/a que será o responsable do menor durante toda a sesión. Estas horas de adestramento libre están tamén abertas aos socios/as pertencentes aos grupos de iniciación e competición que desexen complementar o seu adestramento

fóra das sesións estruturadas do seu grupo. Do mesmo xeito, os xogadores/as federados/as do club que non teñan a condición de socios/as tamén poderán facer uso destas horas de adestramento libre.

Duración das sesións e uso libre das mesas. Cada sesión dirixida polo adestrador/a terá unha duración dunha (1) hora. Os días e horarios concretos de cada quenda fixaranse ao inicio de cada tempada e publicaranse na páxina web do Club. Fóra da súa hora de sesión, os socios/as poderán seguir adestrando de forma libre nas mesas que non estean ocupadas, conforme ao Artigo 16.

Os horarios do adestramento libre (para os/as socios/as sen grupo de adestramento, así como o uso complementario por parte dos grupos de iniciación e competición) serán establecidos pola Xunta Directiva, que os comunicará aos socios/as con antelación suficiente ao inicio de cada tempada e sempre que se produzan modificacións.

A elección de grupo é decisión do propio socio/a, en función das súas preferencias e obxectivos. O corpo técnico poderá orientar e recomendar a opción máis axeitada en cada caso, especialmente durante o período inicial. Se o corpo técnico considera que un socio/a estaría mellor encadrado noutra opción, comunicarallo de forma persoal e razoada, sendo a decisión final do propio socio/a.

O cambio de grupo poderá solicitarse en calquera momento por escrito e farase efectivo ao inicio do mes seguinte ao da data da solicitude de cambio.

ART. 24 Participación en competicións e desprazamentos

O Club Gondomar TM pode contar con xogadores/as federados que representen ao club en competicións oficiais sen que estes/as teñan necesariamente a condición de socio/a. A condición de socio/a e a de xogador/a federado/a do club son independentes e non se exclúen mutuamente. A incorporación ao club de calquera xogador/a federado/a baixo esta modalidade requirirá o acordo favorable previo da Xunta Directiva. Para a súa aprobación, a dirección deportiva ou o corpo técnico do club deberá presentar un informe xustificativo que argumente a conveniencia e o interese deportivo de dita incorporación para a entidade (reforzo de equipos, necesidades técnicas, proxección do club, etc.).

Normas para a participación en competicións oficiais:

- As convocatorias para ligas e torneos serán decididas polo corpo técnico en base ao nivel, compromiso, asistencia e comportamento, con independencia de que o/a xogador/a sexa ou non socio/a do club.
- O/A xogador/a convocado/a ten a obriga de confirmar ou declinar a súa participación dentro do prazo indicado polo adestrador/a. A non confirmación ou a renuncia de última hora poderá influír en futuras convocatorias.
- Cando se represente ao Club Gondomar TM será obrigatorio o uso do equipamento oficial (camiseta do club). Non se permitirá a participación sen o equipamento regulamentario.
- **Desprazamentos:** a puntualidade no punto de encontro é fundamental. O comportamento dos xogadores/as nos pavillóns alleos debe ser exemplar, mostrando sempre respecto polas instalacións do club anfitrión, polos árbitros e polos rivais.
- Os gastos de inscrición en competicións oficiais correrán a cargo do club. Os gastos de desprazamento son responsabilidade de cada xogador/a, salvo acordo específico en contrario da Xunta Directiva para determinadas competicións.
- Durante os desprazamentos, son de aplicación todas as normas de conduta deste Regulamento.

Licenzas federativas. Para participar en competicións oficiais é necesario dispoñer da licenza federativa en vigor, que tramitará o Club. O Club asumirá o custo das licenzas de:

- Os/as xogadores/as menores de 16 anos: o Club pagará a licenza Xogade. Se o/a menor tivese outro tipo de licenza, o Club pagará o importe equivalente á licenza Xogade e o/a xogador/a aboará a diferenza.
- Os/as delegados/as e adestradores/as.
- Os/as xogadores/as titulares dos primeiros equipos masculino e feminino, segundo a designación que acorde a Xunta Directiva.
- Os/as xogadores/as que obtivesen podio na tempada anterior nun Campionato Galego organizado pola FGTM ou nun Campionato de España organizado pola RFETM.
- Os/as deportistas que teñan recoñecida oficialmente a condición de deportista de alto nivel, de alto rendemento deportivo ou de rendemento deportivo de base, mediante a súa inclusión nas relacións oficiais publicadas polo Consello Superior de Deportes ou pola Xunta de Galicia, mentres se manteña vixente ese recoñecemento.

O resto das licenzas serán aboadas polo/a propio/a interesado/a antes da súa tramitación.

CAPÍTULO VI

Rol dos pais, nais e titores/as legais

ART. 25 Responsabilidades dos titores/as legais

Os pais, nais ou titores/as legais dos menores que participen nas actividades do club, sexan ou non socios/as Aspirantes, asumen as seguintes responsabilidades:

- Garantir a asistencia regular e puntual do/da menor ás sesións de adestramento e competición.
- Garantir a recollida puntual do/da menor ao finalizar as sesións. En caso de imposibilidade, deberán comunicalo previamente e designar a outra persoa adulta responsable.
- Asegurar que o/a menor acude ao club coas condicións físicas axeitadas para a práctica deportiva (saudable, descansado/a, correctamente alimentado/a).
- Manter actualizados os datos de contacto na Secretaría do club, incluíndo un número de emerxencia de contacto durante as sesións.
- Comunicar ao adestrador/a calquera circunstancia relevante que afecte ao/á menor (saúde, estado anímico, problemas persoais) que poida influír no seu rendemento ou benestar durante as actividades.

ART. 26 Comportamento durante as actividades

Os pais, nais ou titores/as dos menores que participen nas actividades do club, sexan ou non socios/as Aspirantes, comprométense a manter en todo momento:

- Unha actitude de reforzo positivo cara ao/á menor, valorando o esforzo e o progreso por encima dos resultados.
- Respecto absoluto polas decisións arbitrais e polos xogadores/as dos equipos rivais.
- Respecto polas instrucións e decisións do corpo técnico. Queda estritamente prohibido interferir no labor do adestrador/a durante os adestramentos e os partidos (dar instrucións técnicas dende a bancada, protestar aliñacións, interromper sesións, etc.).

- Unha conduta exemplar que sirva de modelo positivo para os menores.

O incumprimento reiterado destas normas por parte dun familiar ou titor/a poderá derivar na restrición do acceso do familiar ás instalacións e competicións do club, e, no caso de menores que sexan socios/as Aspirantes, na apertura dun expediente disciplinario conforme ao Título V dos Estatutos.

ART. 27 Protección da infancia e da adolescencia

O Club comprométese a garantir un contorno seguro para os/as menores, conforme á Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

- **Delegado/a de Protección:** o Club conta cun/cunha Delegado/a de Protección designado/a, encargado/a de velar polo benestar dos/das menores e de recibir calquera comunicación sobre posibles situacións de risco. Os seus datos de contacto publicaranse na páxina web do Club.
- **Protocolo de actuación:** o Club manterá actualizado un protocolo de actuación fronte a calquera forma de violencia sobre os/as menores, que estará a disposición dos socios/as e das familias.
- **Certificado de delitos de natureza sexual:** todas as persoas que teñan contacto habitual con menores no Club (adestradores/as, monitores/as, directivos/as, delegados/as de equipo e voluntarios/as) deberán acreditar, antes de iniciar a súa actividade e mediante o correspondente certificado negativo, que non constan no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.
- **Deber de comunicación:** quen teña coñecemento ou sospeita dunha situación de violencia, acoso ou abuso sobre un/unha menor deberá comunicalo de inmediato ao/á Delegado/a de Protección ou á Presidencia, sen prexuízo do deber de poñelo en coñecemento das autoridades competentes.
- **Vestiarios:** ningunha persoa adulta permanecerá a soas cun/cunha menor nos vestiarios, nin compartirá vestiario cos/coas menores mentres estes/as o utilicen.
- **Desprazamentos:** os/as menores viaxarán coa autorización do seu pai, nai ou titor/a legal, que coñecerá en todo momento a persoa adulta responsable do desprazamento.
- **Comunicacións:** as comunicacións do persoal técnico e da directiva cos/coas menores faranse por canles colectivas nas que estean as familias, ou co coñecemento do pai, nai ou titor/a legal.

O incumprimento destas normas poderá dar lugar á apertura de expediente disciplinario conforme ao Título V dos Estatutos e, no caso do persoal contratado, ás medidas previstas no seu contrato.

CAPÍTULO VII

Conduta, convivencia e comunicación

ART. 28 Valores do club e convivencia

O Club Gondomar TM ten como piares fundamentais a inclusión, a igualdade de xénero e o respecto. Non se tolerará en ningún caso:

- Calquera conduta discriminatoria por razón de xénero, orixe, raza, relixión, orientación sexual, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal.
- Condutas machistas, racistas, de acoso escolar (bullying), acoso sexual ou vexatorias de calquera tipo.
- Violencia física ou verbal, tanto dentro como fóra das instalacións durante actividades do club.
- Actitudes que menoscaben a dignidade ou o benestar de calquera membro do club.

Fomentarase activamente a integración de persoas con discapacidade e usuarios dos programas terapéuticos. O resto de socios/as deberán manter en todo momento unha actitude empática, colaboradora e inclusiva cara a estes colectivos.

O incumprimento grave destas normas derivará na apertura dun expediente disciplinario conforme ao Título V dos Estatutos.

ART. 29 Resolución de conflitos entre socios/as

Ante calquera conflito ou desacordo entre socios/as, recoméndase o seguinte protocolo de resolución:

- **Resolución directa:** en primeira instancia, as partes implicadas intentarán resolver o conflito de forma respectuosa e directa.
- **Mediación interna:** se o conflito non pode resolverse directamente, calquera das partes poderá solicitar a intervención mediadora do adestrador/a ou dun membro da Xunta Directiva.
- **Expediente disciplinario:** se as vías anteriores non son suficientes, ou en casos de faltas graves, a Xunta Directiva poderá incoar un expediente disciplinario conforme ao procedemento previsto no Título V dos Estatutos.

En ningún caso se admitirán condutas de represalia ou ostracismo contra un socio/a que presentara unha queixa ou reclamación de boa fe.

ART. 30 Prohibición de substancias

Por tratarse dunha contorna deportiva, queda terminantemente prohibido dentro das instalacións deportivas e nos desprazamentos oficiais do club:

- O consumo ou a posesión de tabaco, cigarros electrónicos ou vapeadores.
- O consumo ou a posesión de bebidas alcohólicas.
- O consumo ou a posesión de substancias estupefacientes ou psicotrópicas de calquera tipo.

O incumprimento desta norma constituirá unha falta grave ou moi grave, dependendo das circunstancias, e poderá levar aparellada a expulsión inmediata do local e a apertura de expediente disciplinario.

ART. 31 Uso de grupos de mensaxería e redes sociais

Os grupos de WhatsApp ou similares creados polo club son ferramentas estritamente deportivas e organizativas. Queda prohibido o seu uso para:

- Spam, cadeas ou contido non relacionado co club.
- Debates políticos, relixiosos ou de calquera outra temática allea ao club.
- Bromas fóra de lugar, contido ofensivo ou que poida molestar a outros membros.
- Difusión de información falsa ou non contrastada sobre o club ou os seus membros.

Todo socio/a comprométese a salvagardar a boa imaxe do club nas súas redes sociais persoais cando se identifique como membro do mesmo. As críticas ou queixas sobre o club deberán canalizarse a través dos mecanismos internos establecidos, non a través de redes sociais.

A publicación de fotografías ou vídeos que identifiquen a menores nas redes sociais requirirá o consentimento expreso dos seus pais ou titores/as. O club só publicará imaxes de menores contando con devandito consentimento por escrito.

CAPÍTULO VIII

Protección de datos e imaxe

ART. 32 Datos persoais e obriga de actualización

É obriga de cada socio/a manter actualizados os seus datos de contacto (correo electrónico e teléfono) na Secretaría do club. Calquera aviso enviado aos datos que consten no ficheiro entenderase validamente notificado.

Calquera comunicación formal do club cun socio/a Aspirante (menor de 18 anos) realizarase sempre a través do titor/a legal establecido na solicitude de admisión, polos medios de contacto que este indicou. O club non se comunicará directamente co menor para asuntos de carácter formal (avisos de pagamento, notificacións disciplinarias, requirimentos, baixas, etc.). É responsabilidade do titor/a legal manter os seus datos de contacto actualizados na Secretaría do club.

Os datos persoais serán tratados conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD) e a normativa española vixente. Utilizaranse exclusivamente para a xestión interna do club e non serán cedidos a terceiros, salvo obriga legal ou servizos necesarios para o funcionamento do club (federación, seguros, etc.).

Os socios/as poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos dirixíndose á Secretaría do club.

Para o tratamento específico de datos de categoría especial relativos á saúde dos socios/as, estarase ao disposto no Artigo 21 deste Regulamento, que prevalecerá sobre calquera previsión xenérica deste artigo no que se refire a ditos datos.

ART. 33 Uso da imaxe

Conforme á Disposición Adicional Segunda dos Estatutos, o uso e publicación de imaxes, vídeos ou o nome dos socios/as en medios de comunicación oficiais do Club (páxina web, redes sociais ou boletíns informativos) con fins divulgativos, informativos ou de promoción da actividade deportiva, basearase no consentimento expreso e voluntario dos interesados.

Este consentimento poderá ser revogado en calquera momento mediante manifestación expresa por escrito dirixida á Secretaría do Club, sen que dita revogación afecte en ningún caso á súa condición de socio/a ou aos seus dereitos na entidade.

No caso de menores de 14 anos, o consentimento para o uso de imaxes deberá ser outorgado e asinado polos seus pais ou titores legais por escrito. A partir dos 14 anos cumpridos, serán os propios menores de idade quen teñan a capacidade legal para outorgar ou revogar dito consentimento por si mesmos, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO IX

Disposicións finais

ART. 34 Relación co regulamento e os estatutos

O presente Regulamento de Réxime Interior desenvolve e complementa os Estatutos do Club. En caso de contradición entre ambos textos, prevalecerá sempre o disposto nos Estatutos.

Para todo o non previsto neste Regulamento, aplicarase o disposto nos Estatutos do club e, subsidiariamente, na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e demais normativa aplicable.

ART. 35 Modificación do regulamento

A modificación deste Regulamento de Réxime Interior será competencia exclusiva da Xunta Directiva, quen deberá:

- Informar das actualizacións ao conxunto de socios/as por correo electrónico ou mensaxería, unha vez aprobadas.
- Dar conta da modificación na seguinte Asemblea Xeral para a seu coñecemento, conforme á Disposición Adicional Primeira dos Estatutos.

As modificacións entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta Directiva (Disposición Adicional Primeira dos Estatutos), salvo que a propia modificación estableza un período transitorio diferente.

ART. 36 Aceptación do regulamento

A solicitude de admisión como socio/a implica o coñecemento e a aceptación de todas as normas contidas no presente Regulamento de Réxime Interior, así como dos Estatutos do Club e dos acordos validamente adoptados polos seus órganos de goberno. Este Regulamento estará dispoñible en todo momento para consulta de todos os socios/as na páxina web oficial do club e na Secretaría.

En Gondomar, a 17 de outubro de 2026

O Presidente do GONDOMAR TM



Asdo.: Eladio Costas Pereira

ANEXOS

Modelos oficiais de solicitude

Anexo I. Solicitude de admisión de Socio/a Numerario/a.

Anexo II. Solicitude de admisión de Socio/a Aspirante.

Anexo III. Solicitude de Recoñecemento de Grupo Familiar.

Os modelos vixentes están dispoñibles na páxina web oficial do Club (www.gondomartm.es) e na Secretaría.